

## GUÍAS DE VIAXES



*Trotamundos* son guías que indican aos mochileiros como poder viaxar polo mundo adiante con poucos cartos, ademáis de facer amigos.

## CINE



*Babel*. A. Glez.  
Iñárruti

**Reparto:** Brad Pitt, Cate Blanchett, Gael García Bernal.

*Babel* presenta as vidas de catro grupos de persoas que viven en tres continentes distintos. Apreciamos a cultura, as formas de vida e a diferenza de valores en cada sociedade retratada.

## MÚSICA



Uxía Senlle

*Cantos na Maré* é un espectáculo que reúne destacadas voces da fala lusófona. Unha mestura de sabores africanos, brasileiros, portugueses e galegos que ten o mar como elemento de unión.

Utiliza a Biblioteca  
Descubre o que che ofrecemos  
Colabora con nós.



Fai chegar as túas opinións á caixa de suxestións da Biblioteca ou a través do correo electrónico.

[ies.sanxenxo@edu.xunta.es](mailto:ies.sanxenxo@edu.xunta.es)

...e non esquezas o teu **CADERNO DE VIAXE** para ver o mundo, gardar países, retratar xente, escribir poemas, soñar camiños...

O servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de formación.

**Biblioteca Escolar Ies Sanxenxo**


**GUÍA LECTURAS BE nº 4 curso 2006 / 2007**

**LER O MUNDO:** *Caminante son tus huellas  
El camino nada más.  
Caminante no hay camino  
Se hace camino al andar.*

**Antonio Machado**

# BE

## VERÁN DE LIBROS DE CINE DE MÚSICA DE VIAXES



*Tintín lendo.*  
Roy Lichtenstein  
(Ano Hergé 2007)

### WEB


[www.shunya](http://www.shunya)  
Viaxe virtual ás antigas civilizacións.

[www.strolling.com](http://www.strolling.com)  
Permite recorrer as rúas de París e Londres e pararse fronte aos escaparates dunha tenda de discos, un restaurante...

### LIBROS DE VIAXES



*La aventura de viajar.*  
Javier Reverte



*Ciudades.*  
Fran Alonso

**Javier Reverte** narra as súas mellores viaxes dende a infancia ata a actualidade; como neno, como turista, como enviado especial, como periodista e escritor...  
Un libro de recordos e impresións. Polas súas páxinas desfilan os escenarios xeográficos máis variados xunto cunha galería de personaxes de toda condición. É a paisaxe física e humana dunha filosofía da vida que ten a viaxe como centro.


*Ciudades* é un tratado de urbanismo poético. As cidades máis queridas e as máis ferintes. As cidades dos mapas, as cidades tantas veces visitadas. As do norte e as do sur. As de papel, as que latexan e as que doen. As cidades sempre ateigadas de xentes, de escolas, de camións, de dromedarios, de nenos pobres, de farolas, de peixes mortos no mar contaminado. As cidades do corazón. Cheirando a vida, a solidariedade, a ruído, a miseria, a tráfico, a esperanza, a morte.

### BANDA DESEÑADA



*Corto Maltés.*  
Hugo Pratt.

Brincos nas orellas, patillas poboadas, ollos cor de mel e un sorriso sempre inquedante nos duros beizos.  
As aventuras de **Corto Maltés** recollen as andanzas deste mariño, algo cínico e sentimental, por continentes e países moi diversos, entroncando a ficción con acontecementos históricos reais e con personaxes literarios coñecidos.



*Tintín.* Hergé

[www.tintin.com](http://www.tintin.com)  
[www.tintincat.com](http://www.tintincat.com)  
<http://cactuscom.com/tintin/espagnol>

Celébrase o centenario do nacemento de **Hergé: Ano Hergé 2007** en Bruxelas, a súa cidade natal. Haberá exposicións, espectáculos para presentar ao mundo ao debuxante e ao seu personaxe estrela: **Tintín.**